

# XORNADAS SOBRE A CIG'96 E O TRATADO DE AMSTERDAM: ALGÚNS APUNTAMENTOS ECONÓMICOS DE INTERESE ACERCA DA INMINENTE UNIÓN ECONÓMICA E MONETARIA

JORGE GONZÁLEZ CHAPELA

Alumno de 5º curso da Licenciatura de Economía  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 10 decembro 1997

Aceptado: 13 xaneiro 1998

## AS XORNADAS

No apartado segundo do artigo N do Tratado da Unión Europea prevíase a convocatoria dunha conferencia intergoberamental no ano 1996, co fin de examinar aquelas disposicións do propio tratado susceptibles de modificación á calor do discurrer histórico.

En efecto, o Consello Europeo, reunido en Turín o 29 de marzo de 1996, estableceu o mandato da CIG e o programa desta, no que se constitúe como gran prioridade o tratamiento e a eventual solución dos tres temas seguintes:

- Aproxima-la Unión Europea á cidadanía.
- Lograr dos órganos institucionais da Unión un funcionamento más democrático e eficaz.
- Reforza-la capacidade de actuación externa da UE.

A tríade temática non é gratuíta. Trala abrupta recesión económica que sofre Europa no período 1991-1993 e a fase de inestabilidade monetaria que comeza no verán de 1992, o euroscepticismo instálase nunha gran parte da cidadanía europea. As instancias comunitarias, sabedoras deste desalentador feito, toman o firme propósito de lograr que a sociedade europea sinta a Unión como algo de seu. Así, por exemplo, preténdese que tanto os obxectivos políticos acordados coma os instrumentos necesarios para o seu alcance teñan unha maior transcendencia de cara ó corpo social<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Considero que o Cumio polo emprego, que tivo lugar na cidade de Luxemburgo os días 20 e 21 de novembro de 1997, supón un paso claro nesa dirección.

A reforma das institucións era necesaria, principalmente por dúas razóns: unha baseábase no déficit de lexitimación democrática de que se acusaba ó Consello e á Comisión; outra, motivada pola futura ampliación da UE ós países en transición do leste de Europa e a Chipre.

Por último, a maior masa crítica económica de que disporá Europa no contexto internacional trala creación da Unión Económica e Monetaria parece requirir unha capacidade de influencia concomitante no plano político.

Dada por concluída a CIG en xuño de 1997 na cidade de Amsterdam e tralos retoques de redacción pertinentes, asinouse o día 2 de outubro o texto definitivo que suporá a cuarta gran modificación ó seminal Tratado de Roma: o Tratado de Amsterdam.

A Fundación Hispania-Europa tomou a plausible e elucidadora iniciativa de, co apoio económico da Comisión Europea, achegarles ós cidadáns o contido do novo Tratado —actualmente en proceso de ratificación polos estados membros da UE—, que se constitúe como o esqueleto legal do organismo comunitario, desenvolvendo para iso unha serie de reunións monográficas itinerantes por todo o territorio estatal. O xoves 23 de outubro, Santiago de Compostela foi sede da IV xornada na que, baixo a coordinación xeral do profesor José Manuel Sobrino, se trattaron os seguintes temas.

#### *PIAR COMUNITARIO*

- "Da conferencia intergubernamental ó proxecto do Tratado de Amsterdam", por D. José Manuel Sobrino Heredia, catedrático de dereito internacional público da Universidade da Coruña. Cátedra Jean Monnet de dereito comunitario.
- "Política da educación. Cara a un sistema educativo europeo", por D. Darío Villanueva Prieto, Excmo. Sr. rector da Universidade de Santiago de Compostela.
- "A Unión Europea nas relacóns pesqueiras internacionais", por D. Ernesto Peñas Lado, administrador na Dirección Xeral XIV (Pesca).
- "A política comunitaria da competencia", por D. Enrique Gómez Reino, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.

#### *POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE COMÚN (PESC)*

- "A coherencia entre a política exterior e as relacóns económicas exteriores", por Dª. Monserrat Abad Castelos, profesora de dereito internacional público da Universidade da Coruña.

#### *COOPERACIÓN EN ASUNTOS DE XUSTIZA E INTERIOR (CAXI)*

- "Os retos xurídicos e xudiciais dunha Europa sen fronteiras", por D. Fernando Benzo, vocal do Ministerio do Interior.

- "A organización das políticas europeas na loita contra o crime", por Dª. Mónica López, pertencente ó equipo organizador da Fundación Hispania-Europa.

## A AXENDA PARALELA

- "Na recta final: os catro días de maio para o euro", por D. Ramón Tamames, catedrático de estructura económica da Universidade Autónoma de Madrid. Cátedra Jean Monnet de economía e presidente da Fundación Hispania-Europa.
- "As perspectivas financeiras 2000-2006", por D. José Antonio Nieto Solís, profesor de economía aplicada da Universidade Complutense de Madrid.

O obxectivo deste traballo non é analizar unha por unha as conferencias presentadas, dado que algunhas das súas temáticas exceden os límites disciplinarios da publicación que ten nas súas mans. O que si se pretende é tomar algunhas das reflexións alí expostas de carácter estritamente económico, para contribuír ó debate que versa sobre a implantación da Unión Económica e Monetaria, e que tan apaixonados nos ten —lamentablemente, un pouco a destempo— a tódolos axentes económicos deste país.

## OS APUNTAMENTOS

Da conferencia ofrecida por Ramón Tamames paga a pena destacar varios aspectos. En primeiro lugar, o profesor Tamames trata de ofrecer unha explicación axiolóxica do rexeitamento que dende moitos sectores sociais se manifesta contra o Tratado de Maastricht que, non o esquezamos, se constitúe como base principal do seu homólogo, o de Amsterdam. *"Mi opinión es que el Tratado no se entiende bien —o no se quiere entenderlo— por circunstancias culturales y antropológicas que nos atrevemos a resumir en la caracterización del texto como fundamentalmente calvinista y darwinista"*, afirma Tamames. Lembremos que a doutrina da predestinación de Calvin nos advertía de que non posuímo-la completa seguridade acerca da salvación da nosa alma, razón pola cal *"se inculcou a necesidade de recorrer ó traballo profesional incessante, único modo de escorrenta-la dúbida relixiosa e de obte-la seguridade do propio estado de gracia"* (Weber, 1969). Trasladado ó ámbito económico, supón a observancia dunha conducta austera no gasto<sup>2</sup>, o esforzo nos quefaceres diarios<sup>3</sup> e o seguimento das normas legais establecidas que, como destaca Tamames, deben ser *"pocas, justas y claras"*.

O substrato darwinista enténdese en que o proceso liberalizador e desregulador que acompañou inevitablemente ó Mercado Interior Único, e que volve mostrarse

<sup>2</sup> Un suxestivo exercicio de análise económica a partir de consideracións axiomáticas similares pode verse en Buchanan (1995).

<sup>3</sup> Ibídem.

como elemento integrante da Unión Monetaria, supón —nun marco económico más competitivo— un afondamento da pugna por sobrevivir, que acabará seleccionando os axentes económicos más eficaces e eficientes.

Persoalmente considero que a presente explicación podería facernos pensar que nos países de tradición luterano-calvinista tanto o Tratado de Maastricht coma o actual de Amsterdam fosen ben acollidos, mentres que nos de tradición católica se mostrasen máis reticentes con eles. Pero isto non parece ser así: Irlanda, Portugal, Grecia e Italia destacan polo seu maior apoio á UE, mentres que Finlandia, Alemaña, o Reino Unido, Austria e Suecia son os menos entusiastas<sup>4</sup>. Polo tanto, factores doutra índole son os que sustentan a fría acollida dispensada, en xeral, polos europeos ó TUE, análise esta que, áinda que sobradamente interesante, escapa ó obxectivos do presente traballo.

A continuación, o profesor Tamames realiza unha excelente e moi gráfica exposición do que vai ser, con case absoluta seguridade, o proceso decisorio que acabará definindo qué países integrarán a primeira promoción para incorporarse ó euro.

O venres 1 de maio, aproveitando a festividade do Día do Traballo en toda Europa, que obriga ós mercados financeiros a abandona-la súa actividade, o Consello de xefes de Estado e de Goberno, reunido con carácter extraordinario, tomará en consideración as conclusións dun Consello de Ministros de Economía e Finanzas realizado con anterioridade; os informes emitidos pola Comisión e polo Instituto Monetario Europeo; o dictame respecto do Parlamento europeo; e decidirá por maioría cualificada —62 votos como mínimo sobre un total de 87— qué países componen a primeira velocidade do euro<sup>5</sup>. O sábado 2 de maio designaranse os membros do Comité Executivo do Banco Central Europeo —institución encargada de definir e de velar pola correcta aplicación da política monetaria común— para que, en conxunción cos bancos centrais nacionais dos países membros —Sistema Europeo de Bancos Centrais—, comezasen os labores técnicos e loxísticos necesarios para a introducción do euro. Por último, o domingo 3 de maio, fixaranse as paridades bilaterais entre aquelas moedas dos países admitidos no euro, como así se acordou, por outra parte, no Ecofin celebrado os días 12 e 13 de setembro de 1997 na localidade luxemburguesa de Mondorf-les-Bains. O BCE tratará de sostener estos cambios nos mercados de divisas ata o 31 de decembro de 1998, contando para iso con 50.000 millóns de ecus á súa disposición.

Acaba Tamames a súa disertación con dúas profecías. A primeira refírese á posibilidade nun futuro non demasiado afastado de contar cun novo sistema monetario internacional que regule o funcionamento dos pagamentos mundiais efectuados nas tres moedas más importantes: o dólar, o ien e o euro. Tal vez, apunta, podería

<sup>4</sup> Para unha análise máis polo miúdo, véxase Alvira Martín e García López (1997).

<sup>5</sup> Sobre a posible formación de minorías de bloqueo, véxase González Chapela e Grela Rial (1996).

desembocarse, incluso, nunha única moeda mundial. En segundo lugar, afirma que "la Unión Monetaria es una declaración de independencia, análoga a la que hicieron las Trece Colonias con la unificación del dólar", deixando translucir nas súas palabras a futura posibilidade dun afondamento de índole política que complemente ó de raíz económica e monetaria se acometerá proximamente no seo da UE.

Na última das conferencias —*last, but not least*—, o profesor Nieto Solís ofrece o panorama financeiro comunitario elaborado a título indicativo pola Comisión e comprendido entre os anos 2000 e 2006<sup>6</sup>. Merece destacarse, nunha primeira aproximación simplemente cuantitativa, a fixación dun límite para o orzamento comunitario do 1,27% do PNB da UE. Tamén se limita o financiamento das accións estructurais ó 0,46% do PNB da UE, pasando estas, áinda así, de representar 200.000 millóns de ecus —período 1993-1999— a representar —en prezos de 1997— 275.000 millóns.

O problema que se formula con estas cifras *in mente* radica en que a potencial entrada dos países do leste de Europa na UE, as súas economías están —en termos de PIB por habitante— nun status considerablemente inferior á media comunitaria e cunhas estruturas económicas que son disímiles das comunitarias, suporá unha reasignación dos recursos que podería afectar a países que, coma o noso, son receptores netos do orzamento comunitario.

A solución consistente en incrementa-la contía dos fondos comunitarios vai claramente en contra da limitación porcentual aducida e dos intereses de países contribuíntes netos ás arcas comunitarias, como Alemaña e Holanda. Xurdiría así un conflicto de intereses que, para os nosos efectos, podería representa-la diminución das axudas recibidas mediante o Fondo de Cohesión, por exemplo. A defensa das axudas concedidas por este fondo constituíase case nunha cuestión de identidade nacional, podendo argumentarse que, debido ós esforzos orzamentarios que orixinará o Pacto de estabilidade e crecemento e sobre a base da filosofía económica explícita que sustenta a ese fondo, se mantivesen as axudas para o período 2000-2006 sen menoscabo en termos reais, cando menos. Agora ben, co concurso dos países do leste e o reparto subseguiente que provocarían na concesión dos recursos, poderían aparecer receos nos países tradicionalmente receptores, máxime se, por unha concxuntura económica recesiva, xorde o contratempo de efectua-lo depósito-transformable-en-multa que establece o Pacto de estabilidade.

Como esta intencionadamente arrevesada caracterización das cousas non resulta compatible co espírito de unidade europea que é a esencia do Tratado de

<sup>6</sup> Na reunión do Consello Europeo dos días 12 e 13 de decembro de 1997 que supuxo a fin da presidencia se-mestral de turno —luxemburguesa, neste caso— decidiuse pospoñela concreción definitiva do marco orzamentario ata o outono de 1998. De tódolos modos, tomaranse como base de traballo e discusión as cifras que deixó sinaladas no texto.

Roma, algunha medida político-económica deberá tomarse no futuro que garde un sempre complicado equilibrio co conxunto de elementos de xuízo expostos con anterioridade.

Son precisamente cuestiós deste tipo as que nos fan pensar nun eventual aumento da dotación de recursos do orzamento comunitario, constituíndose este como un auténtico orzamento federal que coadxuve, ademais, a minora-los efectos economicamente deprimentes que eventuais crises diferenciais puidesen ter en determinadas economías rexionais da UE.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALVIRA MARTÍN, F.; GARCÍA LÓPEZ, J. (1997): "La opinión pública y el ingreso en la Unión Monetaria", *Cuadernos de Información Económica*, 122, (maio), pp. 11-29.
- BUCHANAN, J.M. (1995): *Ética y progreso económico*, p. 105. [Colección Estudios e Informes]. Barcelona: Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona.
- DEHESA ROMERO, G. DE LA (1997): "Tipos de interés y tipos de cambio", *El País*, (23-10-97), p. 56.
- ELÍAS, J. (1997): *El desafío de la moneda única europea*, p. 153. 2<sup>a</sup> ed. [Colección Estudios e Informes]. Barcelona: Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona.
- GONZÁLEZ CHAPELA, J.; GRELA RIAL, J.L. (1996): "España ante a Unión Monetaria: un intento de síntese", *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 2, pp. 343-355.
- SUÁREZ-LLANOS, L. (1989): *Derecho, economía, empresa. Elementos de teoría general del derecho patrimonial*, p. 174. Madrid: Civitas.
- WEBER, M. (1969): *La ética protestante y el espíritu del capitalismo*. Barcelona. [Citado en L. Suárez-Llanos, 1989, p. 24].